



A BUXAINA





3 anos

AS NENAS E NENOS DE 3 ANOS FIXEMOS ESTE CURSO UNHA MOREA DE COUSAS E ATA NOS FIXEMOS EXPERTOS NALGUNHA MATERIA!!

NO 1º TRIMESTRE A NOSA PROFE LEVOUNOS POLO MARAVILLOSO MUNDO DAS LUCES E DAS SOMBRAS, E, AÍNDA QUE AO PRINCIPIO NON ENTENDÍAMOS BEN ONDE ÍAMOS ACABAR, LOGO RESULTOU UN PROXECTO MOOOOI INTERESANTE, XA QUE APRENDIMOS MOITAS COUSAS POR NÓS MESMOS, INVESTIGANDO, EXPERIMENTANDO E, POR QUE NON, CURIOSANDO, QUE É O MELLOR XEITO DE METERSE EN MATERIA!

VELÁI VOS DEIXAMOS UNHA MOSTRIÑA EN FORMA DE IMAXES!



AQUÍ ESTAMOS BUSCANDO AS NOSAS PROPIAS SOMBRAS .

E, SABEDES QUE SI NOS MIRAMOS NUNHA CULLER POLA PARTE CÓNCAVA NOS VEMOS BOCA ABAIXO??? CURIOSO, NON????



RESULTA QUE O NOSO NOME NO ESPELLO VÍASE DO REVÉS, QUE RARO!!! ...

ADEMÁIS CON ESTE PROXECTO COMPROBAMOS DE PRIMEIRA MAN A NECESIDADE DA LUZ DO SOL PARA O CRECEMENTO DAS PRANTAS E O SEU COIDADADO.



ASÍ ESTABAN COA SEMENTE RECEN PLANTADA .



E ASÍ AS LEVAMOS PARA A CASA.



NO SEGUNDO TRIMESTRE APROVEITANDO QUE O ENTROIDO ESTABA PRETO, DECIDIMOS MONTAR NA AULA UN RECUNCHO DE DISFRACES CO QUE O PASAMOS EN GRANDE. ESTABA XENIAL ISO DE CONVERTERNOS POR MOMENTOS EN PRINCESAS, PRINCIPES, SUPER HEROES, BRUXIÑAS, ETC...

SEGURAMENTE CON ESTAS FOTOS VOS FAGADES UNHA IDEA MÁIS EXACTA DO QUE VOS ESTAMOS CONTANDO.





E SEGUINDO COAS INVESTIGACIÓNS, NO SEGUNDO TRIMESTRE ADENTRÁMONOS NO MISTERIOSO MUNDO DO UNIVERSO, UFFFFFF CANTAS COUSAS ESCONDE O CEO!!!!!!! NÓS APRENDIMOS MOITO E AGORA SOMOS UNS EXPERTOS NO TEMA, COÑECEMOS AS FASES DA LÚA, OS PLANETAS, O QUE É UN COMETA, UNHA CONSTELACIÓN, E ASÍ ATA UN LONGUÍSIMO ETCÉTERA...E...SABEDES QUE???ATA FUMOS ASTRONAUTAS POR UN DÍA E PUIDEMOS VIAXAR NUN COHETE ESPACIAL!!!

MIRADE, MIRADE!!!!



2



ASÍ AO LONGO DO CURSO FIXEMOS E SEGUIMOS FACENDO ACTIVIDADES VARIADAS COAS QUE DISFRUTAMOS E APRENDEMOS AO MESMO TEMPO. OUTRA COUSA QUE NOS GUSTOU MOITO FOI PREPARAR UNHA RECEITA CON CHOCOLATE PARA CELEBRAR NA ESCOLA O DÍA DA PAZ. PARA ISO PREPARAMOS UN PASTEL DE FROITAS CON CHOCOLATE. NON É POR NADA PERO ESTABA RIQUÍSIMO!!!! Mmmmmmmmm QUE BO!!!!

PELAMOS AS FROITAS...



AS TROCEAMOS...




E... ESTE FOI O RESULTADO!!!! ALGÚN ATA SE CHUPA OS DEDIÑOS!!!!






4 anos

ANIMAIS




4 ANOS





Página a cargo do grupo de 5º E. Infantil





PÁGINA

8



AVES



4 ANOS



A CLASE DE 6º DE INFANTIL NO CURSO 2012-2013

ESTE CURSO NA NOSA CLASE CONVERTÉMONOS EN AUTÉNTICOS INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS. COLLÉMOSLLE GUSTO O ANO PASADO CO NOSO PROXECTO SOBRE AS ÁRBORES DA ESCOLA.



A BUSCAR INFORMACIÓN EN EQUIPO



A ORGANIZAR O QUE SABEMOS



COMO É O TRABALLO DO PALEONTÓGO/A

NO PRIMEIRO TRIMESTRE DECIDIMOS, POR VOTACIÓN UNÁNIME, INVESTIGAR OS DRAGÓN E OS DINOSAURÓS. APRENDIMOS MOITÍSIMAS COUSAS...



PALABRAS NOVAS, AS VECES MOI COMPLICADAS...



A MEDIR USANDO O NOSO CORPO

E MESMO A METERNOS NA BOCA DO... DRAGÓN?





NO SEGUNDO TRIMÉSTRE PUXÉMONOS, XUNTO CO RESTO DE COMPAÑEIROS/AS DE INFANTIL, A INVESTIGAR SOBRE O UNIVERSO, DESPOIS DUNHA VISITA AO PLANETARIO DA CORUÑA.



EXPUXEMOS NA ENTRADA A NOSA INVESTIGACIÓN SOBRE A CARREIRA



PINTAMOS UN COHETE ENTRE TODOS OS NENOS E NENAS DE INFANTIL



FOMOS ASTRONAUTAS POR UN MOMENTO



EXPERIMENTAMOS CO COHETE DE ROQUE, XOGANDO A SER ASTRONOMOS/AS


FIXEMOS UN CALENDARIO LUNAR COA AXUDA DA NOSA FAMILIA E COMPAÑEIROS/AS



E GOZAMOS COMO NUNCA NO RECUNCHO DO PROXECTO BUSCANDO E INVESTIGANDO...



NESTA TERCEIRA AVALIACIÓN FIXEMOS A GRAN EXCURSIÓN DO CURSO, FOMOS Á GRANXA ESCOLA BELELLE, ONDE APRENDEMOS A FACER PAN, SEMENTAMOS CHÍCHAROS, MONTAMOS EN PONI E O CEPILLAMOS E VIMOS UNHA CHEA DE ANIMAIS: COELLOS, GALIÑAS, GALOS, PORCOS VIETNAMITAS, VACAS CACHENAS, CABRAS, UN DROMEDARIO, UNHA LLAMA, OVELLAS, MANDRÍS,...



E NA CLASE ESTAMOS A INVESTIGAR QUE SON EXACTAMENTE AS GRANXAS E POR QUÉ AS TEMOS. ADEMAIS ESTAMOS CRIANDO A NOSA PEQUENA GRANXA DE VERMES DE SEDA NA CLASE PARA VER UN DESTES PROCESOS PRODUCTIVOS EN PRIMEIRA LIÑA. DEBEMOS PROPORCIONARLLES UN ENTORNO CÓMODO E ATEMPERADO, DEBEMOS TRAERLLES DIARIAMENTE O SEU ALIMENTO, E HAI QUE LIMPAR A CAIXA DE VEZ EN CANDO.



OBSERVAMOS COMO OS NÓSOS COIDADOS FAN QUE MEDREN CADA VEZ MÁIS. ESTAMOS DESEXANDO VER CAL SERÁ O PASO SEGUINTE...



A O MESMO TEMPO INVESTIGAMOS QUE É A SEDA, PARA QUE SERVE? E COMO É QUE SAE DESTES VERMES?





PERO ADEMAIS FIXEMOS MOITAS MÁIS COUSAS, ESTE É UN EXEMPLO DELAS:



CLASE DE XADRÉZ



VISITAS SEMANAIS Á BIBLIOTECA DO CENTRO



OBRADOIRO DE PINTURA PARA APRENDER AS MESTURAS DAS CORES

PROXECTOS ANUAIS DE TODO O COLE: METEOSCOLA



E RECÍCLATE CON SOGAMA, CANTO SOUBEMOS NO TRIVIAL!!

OBRADOIROS DE COCIÑA, COMO O DO BISCOITO DE CHOCOLATE



OBRADOIRO COAS FAMILIAS PARA OS DISFRACES DO ENTROIDO



E, COMA SEMPRE, CONTINUAMOS COLABORANDO NA HORTA DA ESCOLA!!



Durante este curso as/os alumnas/os de 1º fixemos experimentos científicos cos que aprendemos moitas cousas, como por exemplo como funcionan os volcáns.



Traballamos en distintos proxectos como as Meteoescolas ou Recicla con Sogama. No primeiro aprendemos a tomar os datos sobre o tempo e fixemos de meteorólogas/os durante algunhas semanas do curso tomando os datos e realizando unhas fichas con eles. No segundo traballamos o reciclado, coñecemos que cousas poder ir en cada colector, así temos colectores para papel, para plásticos e iogures..., separamos os residuos orgánicos para facer compós que logo empregamos no horto da nosa escola, separamos tamén o aluminio que logo se leva para un reciclado especial e recolleemos os tapóns plásticos para unhas campañas solidarias. Todo ilo nos axuda a comprender que nós temos moito que dicir para manter un mundo moito máis limpo e mellor, un mundo onde coa nosa colaboración non se esgoten tan rapidamente os recursos





Páxina a cargo do grupo de 1º E.P.




<http://visionesdoferrolterra.blogspot.com.es/>

P
Á
X
I
N
A



E por suposto participamos nas diferentes celebracións realizadas no colexio, Magosto, Samaín, Entroido, Día da Paz, Día Internacional do Pobo Xitano, Día da Muller Traballadora, Día das Letras Galegas....



Páxina a cargo do grupo de 1º E.P.P.

dia internacional da muller traballadora





Queridas familias este ano vos amosamos unhas fotos co mellor deste curso. Esperamos que vos gusten. Celebramos o Magosto e Samaín no mes de Novembro e fixemos a nosa castaña "Frankenstein"



No Nadal traballamos na decoración do noso centro facendo unha árbore con material reciclado , e ademais fixemos a nosa postal xigante e levamos unha pequeniña cada un para a nosa casa.

Neste primeiro trimestre visitamos Aula de Ecoloxía Urbana e Aquaciencia , onde os/as nenos/as aprenderon moitísimas cousas sobre o uso da auga.



A principio de ano fomos a Coruña para visitar A Domus e o Aquarium Finisterrae onde os nenos pasárono xenial e puideron ver todo tipo de peixes e a famosa quenlla "Gastón"





E como non , celebramos o Entroido , este ano co tema principal da Reciclaxe ,xa que como sabedes, participamos no programa de Sogama 3R reciclar, reutilizar, reducir, polo que fomos disfrazados de contedores, fixemos o noso Testamento e participamos no Xuízo ao Meco



Neste curso aprendemos moitísimas cousas sobre Meteoroloxía , xa que como sabedes participamos no programa de Meteoescola , eramos os...



...Detectives da Meteoroloxía, os nenos /as recollían os datos como auténticos meteorólogos/as.



Páxina a cargo do grupo de 2º E.P.



O 8 de Abril celebramos o Día Internacional do Pobo Xitano e fixemos cada un a nosa bandeira xitana .

Neste curso traballamos o ciclo da auga e os nenos/as fixeron murais e actividades sobre isto.



No mes de Maio fixemos numerosas actividades: celebramos os Maiois, o Día das Letras Galegas , fomos o Conservatorio a un concerto de música "O Carnaval dos animais" ,...




P
Á
X
I
N
A



O QUE MÁIS NOS GUSTOU...

Ao longo do curso gustámonos ir á piscina e
 facer o porquiño. Aprendimos a nadar mellor
 e sempre tínhamos dez minutos de xogo. Para
 facer o porquiño reciclamos moito, e foi
 moi divertida cortar en tiras o papel e
 botalle cola.
 Abraham Judith H



Mercres ea de decembro dezo
 Hoje fumos pra ver os
 nosos repolos cunha rede.
 Estaban todos comestos
 polos faxuros




O que máis nos gustou deste curso foi...
 - Capoeira, Horta, Piscina e Porquiño.
 O que máis nos gustou de Capoeira
 Luanda foi, a queimada, as volteretas, a ginga e
 as cancións.
 O que máis nos gustou da horta foi plantar os
 repolos, os amarelos, os chícharos, o peixeiro e as xudias.
 O que máis nos gustou de piscina foi o "crol",
 as pernas e a "espalda".
 O que máis nos gustou do porquiño foi
 recortar o periódico, e facer os cachinhos pequenos
 e por último pintar.
 Antonia Nico Edgar VXIA



Houbo moitas cousas divertidas, pero o que máis nos gustou foi Manualidades, Educación Física e Matemáticas.

Manualidades.-

Gustounos porque era moi divertido, aprendimos moitas cousas e nolo pasamos moi ben.

Educación Física.-

Gustounos porque había moitos xogos divertidos, como por exemplo a cadea, ou o brili, tamén xogamos a "alturitas"....

Matemáticas.-

Gustounos porque aprendimos a restar, sumar, multiplicar e dividir.

Fareila Carol



O que máis nos gustou do curso foi a piscina e "Meteoescola". Piscina gustounos porque ao final xogábase. As nosas profesoras chámbanse María e Esther. Tamén porque nos ensinan a nadar e facemos amigos.

Tamén gustounos "Meteoescola" porque collimos os datos e observamos as nubes.
Icía, YANELA, SILVANA, ROSALÍA



O que máis me gustou foi cando na clase de Música nos deixan os instrumentos e cando fomos ao Conservatorio. Deixáronos tocar músicas que son de moriachis. A música pime sentir algo inexplicable.

Jairo



Páxina a cargo do grupo de 2º Ciclo.

O que máis nos gustou deste curso foi "O Porquiño" porque nos gustou como se mezclaba a cola coa auga. Tamén nos parecen divertido pegar a masa que fixemos coa cola e os papeis de periódico. A nós parecenos divertido pintalo coa mezcla do vermello e branco.

Baloncesto gustounos porque para manter faciamos xogos moi divertidos, despois nos deixan beber e ir ao baño. Despois xogamos a xogos cos balóns e ao final moitas veces xogamos a tiros. O último día, ao final, xogamos un partido nas canastas grandes.

A excursión ao Museo de Historia Natural gustounos moito porque aprendimos moito dos animais. O guía tamén nos caen moito ben. Bruno, Daniel, David



O que máis nos gustou foi: o xabón, piscina e a carteiraza.

O xabón fixémoslo con Gloria. Mezclamos auga, sosa e aceite usado.

Na piscina aprendimos a nadar mellor e xogamos moito.

Com Montse fixemos unha carteiraza con cartóns de leite e así os reciclamos. Samanta, Xíao, Pablo, Andrea



P Á X I N A



Este curso gustounos moito o porquinto porque o de reciclar as botellas para facer o peto era boa idea. Cando pegamos os papeliños con cola foi divertido, e cando pintamos o porquinto de rosa. Manchámonos todas de rosa e xogamos coa pintura. Fumos ao baño e mollámonos moito.



Gustounos moito facer xabón o aceite e Gloria axudounos porque reutilizamos a batidora. Botamos sosa nun frasco que pesamos. Despois o metimos nun vaso e fixemos un debuxo con azulete.

SANDRA Ainocha Iohanna



O que máis nos gustou deste curso foi "Reciclate con Sogama", Caligramas e "O Universo".

Aprendimos a reciclar e xogamos moito. Coas poesías fixemos debuxos moi bonitos. Cando estudamos "O Universo" pasámolo ben, aínda que ás veces nos enfadábamos.

Candela Yáñez



Páxina a cargo do grupo de 2º Ciclo.

O que máis me gustou neste curso, en 4º, foi cando presentei o festival do Margosto e Samain porque o pasei xenial. Ao principio estaba moi nerviosa pero logo sabía que o podía facer, e fíxeno. O festival foi moi divertido porque todos os cursos bailamos e cantamos. Tamén lles dimos unha sorpresa aos pais e ás nais bailando "A repichoca", que era un baile en parella, e foi moi divertido. Cando acabou o festival merendamos e xogamos. Ao final todos nos fomos para casa e o pasei xenial. **AZINHOA 4º**




O que máis me gustou este curso foi cando celebramos o día do Samain porque cantei moito e porque fixemos unha castaña con planetas e estaba chea de bolas de xornais. Tamén o pasei ben cando fomos ao parque Reina Sofía porque fun ver pavos reais e xoguei cos meus primos no parque de Baluarte. **JOSE 4º EP**



Este ano o que máis me gustou foi o Nadal, porque cantamos "Xinxiñ polo", unha canción que me gustou moito, e "Eira festa", outra canción. Despois fomos tomar refresco, chitos, turrón e patacas fritas. Despois nos fixemos a xogar a pillar. Ao final cando estabamos cansos nos fomos a casa. **XAM (4º EP)**

O que máis me gustou foi cando celebramos o día do Nadal porque fixemos un deluxo dunha árbore de Nadal e fixemos unha foto onde saíamos todos os de clase. Logo pola tarde fixemos unha festa no pavillón e ríñeron os Reis Magos, Papa Noel e o Apalpador, e divertímonos moito. Antes da festa tamén fixemos unha árbore recidada con caixas de ovos. Cando acabou a festa nos despedimos e fíxemos de vacacións. **Naemi**



P
Á
X
I
N
A



O que máis me gustou neste curso, en 4º, foi cando nos fomos de excursión á Aula Ecolóxica Urbana, porque a profesora púxonos un xogo de reciclaxe e contaminación. Pero antes de facer o xogo tivemos que esperar moitísimo tempo xogo de aos ordenadores da planta baixa. Neses ordenadores había xogos sobre os animais e o medio ambiente. E tamén o pasei ben mirando os carteis que había.

ADA!



O que máis me gustou foi que aprendemos a dicidir por dúas cifras porque era moi difícil sobretodo as levadas. Tamén gustome moito o Día da Paz porque fixemos unhas piruletas de chocolate e xoguei moito no parque cos meus amigos. Tamén xogamos no monte lanzándonos contra a barba nas zonas exornadas. E vimos as fotos do Samáin e o Nadal, onde aparecen os bailes, obras e cancións de panaría e infantil. FIN.

JOÁN 4ºEP

O que máis me gustou foí cando celebrásemos o día da paz.

Pela mañá fixemos piruletas e bombóns. Pola tarde fomos ao pavillón a tomar chocolate con churros e quedámonos xogando ata as oito.

SINAY 4ºEP

O que máis me gustou neste curso en 4º foi o día da paz porque fixemos chocolate fundido para facer bombóns e piruletas, e cada un fixemos a nosa. Logo as deixásemos coxilar. Pola tarde vivísemos coas familias e comímonos cada un a súa. Tamén tomásemos chocolate con churros e logo xogamos.



O que máis me gustou neste curso, en cuarto foi cando fomos ao Museo de Historia Natural. Alí paseino xeral porque aprendín moitas cousas sobre o A.D.N. dos animais, como saber cantos anos ten unha árbore...

De camiño á escola paramos a xogar en dous parques. Un era o do Boluete, en Caribore e outro foi o da Tiedra, xa preto da escola. Logo, na escola, falamos de que se fora interesante, se nos dixeran temas, que aprendésemos...

LUCAS 4º




Páxina a cargo do grupo de 2º Ciclo.

O que máis me gustou foi cando celebramos o día do pobo xitano. Fomos a clase de Lupe a buscar información sobre o pobo xitano. Logo fixemos un pavillón onde fixemos unha festa do río, na que había música flamenca e todos bailamos e tocamos as palmas.

O que máis me gustou foi cando celebramos o Día do pobo xitano, porque o pasei moi ben e bailei con moita xente. Cando entramos nos pistas sentámonos nas gradas e logo, curso por curso, saímos a bater flores no río e acendimos velas. Unha vela por curso. Quedou moi bonito e eu creo que, polas caras, todos e todas o pasaron moi ben.

Tiana (4º EP)



O que máis me gustou foi cando celebramos o Día do pobo xitano porque o pasei moi ben. Fixemos unha festa no pavillón e puxeron música flamenca, bailamos e cantamos. Tamén fixemos un río de tea e tiramos pétalos de flores.

NEREA (4º EP)



O que máis me gustou foi cando celebramos o Día do pobo xitano. Fixemos unha festa no pavillón na que fluxeron música flamenca e todos bailamos, cantamos e tocamos as palmas. Tamén fixemos un río de tea e tiramos pétalos nel. Paseino xental. Fin J. Joye (4º EP)

P Á X I N A



...E MOITAS COUSAS MÁIS.





Ao principio desde curso fixemos unha actividade de cociña con algúns dos produtos obtidos na nosa horta escolar .

Os ingredientes da nosa horta foron as patacas, cenorias e cebolas.

Tivemos que mercar aceite, sal e ovos

Para a súa elaboración pelamos, lavamos e cortamos as patacas, as cenorias e unha cebola.

Salgamos os ingredientes.

Fritimos as patacas, a cenoria e a cebola.

Batemos os ovos enerxicamente.

Mesturamos o frito co ovos.

E ao final, callamos a tortilla e comémola encantados/as





Ao longo deste curso na nosa clase intentamos aprender cousiñas sobre Galicia e investigamos sobre as orixes e significado dalgunhas das festas populares que tamén celebramos no colexio.

O MAGOSTO 🍌🍌

A palabra magosto, designa unha celebración festiva e popular tradicional en toda Galicia, organizada en torno á recollida das castañas. Aproveitase tamén para probar o primeiro viño novo.

O magosto celébrase tradicionalmente nun claro do mesmo souto, comezando á primeira hora da tarde coa recollida de leña e castañas. E remata con todos comendo castañas asadas e bailando coas mozas e mozos.

No outono



No mes de febreiro celebramos o Entroido



Entroido

O entroido, ou carnaval, é unha festa de carácter tradicional que se celebra entre os meses de febreiro e marzo anterior á Caresma.

Celebrase en Galicia con características particulares, con disfraces e esmergas diferenciados en cada zona. As máscaras máis populares son as ligarrans de Verín, os Peliqueiros de Lousa e as Pantallóns de Xinzo.

No noso colexio cada ano nos disfrazamos de algo que ten que ver co proxecto de ese curso. Esta vez fomos de colectores azuis para reciclar papel e cartón.

Na primavera fixemos dous bonitos Maios que adornaron a entrada do colexio unha semana.

OS MAIOS

É unha festa popular de orixe ancestral. Hai dous tipos de maios:

Maios figurados
Consisten nunha armazón de pau con forma cónica ou piramidal recuberta de tea metálica ou arpillera. Cúbrese de fento, fiuncho ou herba. Sobre a estrutura débúxanse distintos motivos con flores ou froitos.

Maios humanos
Podían ser individuais cando un mozo/a, ás veces, disfrazado/a, adornábase con flores e follas e tamén eran grupos de xente vestida igual que cantaba e danzaba arredor do maio.

Hai dous tipos de cantigas para acompañar esta festa (só sobreviven en Portomarín e Lourenzá)

No colexio facemos maios figurados e cantamos unha canción arredor deles.



Tamén celebramos o Día da Paz Escolar pero este ano dun xeito un pouco especial

Día da Paz

Cando celebramos o día da paz na nosa escola foi moi divertido porque este ano fixemos unha chocolateira popular.

Os nenos/as da escola investiron sobre o cacao e cada ciclo cocinou unha receita con este produto. En 5º e 6º fixemos 'Torrados de chocolate'!





Fomos de excursión A Santiago de Compostela, que como xa sabedes, é a capital da nosa comunidade. Visitamos unha exposición que mostraba a evolución histórica da vida en Galicia a través do estudo de restos de obxectos feitos con pedra.



Nesta cidade celébrase a festa do Apóstolo que é o 25 de xullo. É a festa maior e patrón de Galicia. As maiores celebracións fanse na praza do Obradoiro cando á media noite da véspera ten lugar unha sesión de fogos artificiais na que se queima unha representación da fachada da catedral. Ese mesmo día, pola mañá, hai unha ofrenda solemne ao Santiago Apóstolo na misa da catedral. Polas rúas desfilan cabezudos e miles de gaiteiros/as interpretan música tradicional. Tamén hai moitos pobos e vilas galegos que celebran esta mesma festa patronal. As festas do Apóstolo sintetizan e centran o sentir Galego.

Tamén investigamos sobre festas e romarías da nosa zona

Noite de San Xoán

A fogueira é a noite do 24 de Xullo. É unha festividade de orixe moi antigo, na que se encenden fogueiras ou lumes.

A orixe das fogueiras de San Xoán foi para dar máis forza ao sol, tamén o lume ten unha función de purificación. Celebrase en moitos puntos de Europa. A noite de San Xoán está relacionada con antigüísimas tradicións e lendas españolas como a lenda da Encantada.

CHAMORRO

A romaría de Chamorro é unha festa popular de Ferrol, na provincia da Coruña.

A romaría honra á Nosa Señora do Nordés, tamén coñecida como a Virxe de Chamorro. Moita xente cre que a virxe axuda no caso de enfermidades. É tradición ir o primeiro luns despois de Pascua. As familias, parellas, bandas de cativos e cativas, compañeiros do traballo, ect.. quedan para facer o camiño xuntos. Concentra a miles de fieis que suben a pé ou de xeonbos polo monte ata a ermida onde escoitan misa.



Queremos dedicar esta páxina a agradecer a tódalas familias de 3º ciclo que nos apoiaran tanto na recadación de fondos para a saída de fin de Primaria. Gardamos ademais un afecto especial por Teresa, Mª José, Pili e Gloria por compartir con nós o seu tempo, paciencia, materiais e, sobre todo, as súas habilidades. Un enorme bico para todas.

Páxina a cargo do grupo de 5º E.P.





O que máis me gustou neste curso foi...

- Os marcapáxinas e broches de fieltro que fixemos coa nai de Bruno.

Alba G.



- Cando veu Mª José e fixemos manualidades porque foi unha gran experiencia e aprendín moito.

Paula

- Cando fixemos os marcapáxinas porque aprendín moitas cousas.

Borja

- Ganchillar porque así aprendín a facer moitas cousas ganchillando.

Jessica

- Ganchillar porque fixemos unha manta que quedou moi bonita.

Bruno

- Os marcapáxinas de cartolina que fixemos de agasallo para @s nen@s de Pazos.

Jesús

- Cando comezamos a ganchillar porque foi moi divertido.

Mirella



- Todo o que fixemos de manualidades na hora de plástica con Mª José.

Jennifer



- Os momentos de plástica, cos nosos marcapáxinas e aprender a ganchillar. Tamén gustoume moito o día que fun o mercadillo. Pasámolo moi ben e vendimos moito.

Tais

- Facer xabón caseiro porque pareceume moi interesante e moi útil, sobre todo nestes tempos.

Noa M.



- A saída a Santiago, á exposición de "Gallaecia Petrea" porque axudounos moito nas clases e precisamente estamos estudando ese tema.

Ismael



- Cando xogamos a "A caza do tesouro" o día das Letras Galegas. Paseino moi ben.

Laura

- Cando fixemos as "Torradas de chocolate" coa mestra Pili.

Jorge



- "A caza do tesouro". Coñecín a nen@s doutros cursos. Rinme moito coas probas e cos membros do meu equipo. Foi unha boa experiencia e aprendín moito

Noa G.



- As festas, sobre todo a de Nadal porque paseino moi ben.

Gerson

- Ir ao colexio de Pazos.

Andrea

- A saída ao colexio de Pazos. Eu paseino moi ben e divertínme moito coñecendo a xente.

Irimia

- Coñecer aos nenos de Pazos porque é divertido coñecer a xente nova e facer amig@s.

Michelle





AS NOSAS DESPEDIDAS



Ola, quero dicir que levo media vida no colexio e acórdome de todas as caídas que tiven e das cousas divertidas que fixemos. Paseino moi ben estes anos no colexio. Vos quero! Ata logo, Manuel Masdías.
Alba G.

Dáme moita pena irme porque fixen moit@s amig@s e vou botar moito de menos aos mestres, o comedor... Me custará moito despedirme.

Mirella.

Ola, vou botar de menos ao colexio polos teatros e as aventuras. Tamén botarei de menos aos mestres e aos meus compañeiros. Ata logo!

Borja.

Ola, quero dicir que aínda que leve pouco tempo no colexio, fixen moitos amigos e paseino moi ben. Botareivos moito de menos. Adeus Masdías.

Ismael.

Tantos anos neste colexio e agora xa me teño que ir. Quero despedirme dos mestres e mestras, compañeiros e compañeiras. Tamén das mestras que xa non están no colexio, como por exemplo: Marga, Montse...

Jessica

Eu botarei moito de menos aos mestres como Xoán (Teacher), Marga, Roberto e sobre todo Maribel. Tamén quería das as grazas aos compañeir@s como: Laura, Paula, Bruno, Jesús... Ata logo!

Michelle



A min dáme pena marcharme do Manuel Masdías porque xa levamos aquí nove anos. Especialmente quero despedirme de Maribel, Marga (aínda que xa non está nesta escola), María, Ana e Teacher.

Irimia.

Creo que esta vai ser a última redacción para o cole. O curso que vén, vou a estar nun instituto onde non coñezo a ninguén e espero, co tempo, estar tan a gusto como estiven no Masdías. Aínda que comezo unha nova etapa e vou moi ilusionada, dáme moita pena despedirme dos meus compañeiros e dos mestres que me acompañaron ao longo do meu paso por primaria.

Eu estiven nun cole de Fisterra e aínda que aprendín moitas cousas e fixen moitos amigos, sempre souben que o Masdías era a miña escola e que volvería. Agora sei que non vou volver... Pero esperádeme nas festas!!!

Noa G.

Vou botar moito de menos a todos os mestres, a Óscar que nos explicaba moi ben as matemáticas! Marga botámoste de menos! Un bico.

Jorge.

Chegou a hora da despedida, isto non é un adeus, senón un ata logo. Parece que foi onte cando era pequena e tiña catro anos. Pouco a pouco collín confianza cos meus compañeiros e mestres. Ata sempre con cariño.

Andrea.

Quero dicirvos adeus e que botareivos moito de menos. Lévome moi bos recordos do colexio e tamén amig@s para toda a vida. Quero dicirllas adeus a Pili e a Maribel por ser tan boas mestras todo este tempo.

Noa M.

Vou botar de menos ao Masdías, aínda que non estiven dende infantil, pero gustoume moito estar aquí con todos vosoutros. Tamén aos mestres e aos compañeiros.

Jennifer.

Quería despedirme de todo o colexio, pero en especial de Xoán, o mestre de inglés, Maribel, Pili... Foron moitos anos neste colexio e dáme moita pena irme. Un bico para todos.

Paula.

Ola, vou botar moito de menos aos mestres, as festas e obras de teatro que fixemos. Botarei de menos a Maribel que foi a miña mestra este curso. Divertínme moito neste colexio, nunca vos esqueceréi. Un bico moi grande!

Laura.

Quero despedirme do Manuel Masdías, pero sobre todo do mestre de inglés, Xoán que é o mellor mestre do mundo e que o quero moito. Botarei de menos a todos os compañeiros e aos mestres.

Jesús.

Quero dicir as miñas últimas palabras. Quero dar as grazas a todos polas experiencias que pasei estes nove anos. Despedirme de todos os mestres, en concreto, despedirme con un bico e un abrazo moi forte de Pili, a mellor mestra. Botareivos moito de menos. Moitos bicos e abrazos.

Alba L.

Adeus ao CEIP Manuel Masdías. Eu aprendín moito neste colexio, gustáronme moito as festas. Quero darlle as grazas a Pili, a miña primeira titora, Montse, Mª José, Maribel, que aprendín moito este ano con ela, e ao resto de mestres.

Bruno.

Non pode ser!!!, xa nos vamos do colexio. Pasoume todo moi rápido e botarei moito de menos este colexio. Sobre todo, botarei de menos as nosas festas e celebracións porque son moi divertidas e pasámolo moi ben. Teño moi bos recordos das obras de teatros, festas, aniversarios... Grazas a todos os meus mestres e mestras e compañeiros, que pasamos bos momentos. Un bico e moitas grazas por todo.

Tais.




Un curso máis dende a biblioteca intantamos achegar aos nosos nenos/as ao marabilloso mundo da lectura



O alumnado máis lector de cada trimestre foron:

- 1º trimestre: Noa Moreira, 6º curso
- 2º trimestre: nenos e nenas de cinco anos de Educación Infantil



NORABOA! Seguide así, e o próximo curso aínda máis.






Tivemos a sorte de compartir unha sesión moi divertida arredor do libro " O carballo con botas" de Anxo Moure



Tamén agradecemos a xenerosidade e o agarimo que tivo con nós Antón Cortizas ensinándonos enredos con papel que hai no seu libro "Tastarabás".





Este curso, unha vez máis, puxemos en marcha a interesante e motivadora actividade de apadriñamentos lectores, con ela intentamos favorecer o aprendizaxe de modelos lectores a través da creación de vínculos afectivos entre o alumnado de 3º a 6º e os seus afillados/as dende Infantil de tres anos a segundo de Educación Primaria.





Fixemos tamén este ano uns libros para reflexar a experiencia , o final do curso os libros foron entregados por parte dos padriños e madiñas aos seus afillados/as.



Espazo Lector Exterior.



Exposición Linguas do Mundo



Florisoleira quiere agradecer, en xeral, a colaboración de tódolos nenos, nenas e profesorado do Másdías por ser tan receptivos as súas propostas, con especial agarimo aos nenos e nenas que foron os seus encargados/as de biblioteca.

Grazas:

Jessica, Alex, Noa, Dani, Andrea, Marcos, Alba, Inés, Judi, Samaria










RIDDLES IN ENGLISH

- 1) You feel it but never see it and never will.
- 2) Has a mouth but does not speak, has a bed but never sleeps.
- 3) You break it even if you name it
- 4) You feed it, it lives, you give it something to drink, it dies.
- 5) What can you break without touching it?
- 6) What has teeth but cannot eat?
- 7) It's big, long and green. It has got big mouth, small eyes, long tail and short legs. It lives in the rivers, run fast and can swim, it eats meat.
- 8) What has two hands and a face, but no arms and legs?
- 9) What has many keys but can't open any door?
- 10) What is in the end of everything?
- 11) I run all day but I'm always at the same place. What am I?
- 12) What is in the middle of water but is not an island?
- 13) I'm your uncle's brother but I'm not your uncle. What am I?
- 14) Where do you find roads without cars?
- 15) What has to be broken before you can use it?
- 16) What has four legs but cannot walk?
- 17) What does a cat have that no other animal has?
- 18) What goes up but never comes down?

SOLUTIONS





- 1) Heart.
- 2) River.
- 3) The silence.
- 4) Fire.
- 5) The silence.
- 6) The comb.
- 7) The crocodile.
- 8) A clock.
- 9) A piano.
- 10) The letter G.
- 11) A clock.
- 12) The letter T.
- 13) Your father.
- 14) On a map.
- 15) An egg.
- 16) A table.
- 17) Kittens.
- 18) Your age.





Página a cargo do grupo de



P
Á
X
I
N
A